

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no «Diario Oficial de Galicia»)

SUMARIO:

*RESOLUCIÓN do DD de MMMM de 2024, conxunta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación, pola que se adjudican as axudas da Orde do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento ED481D e IN606C).*

TEXTO

A Orde do 20 de decembro de 2023 (DOG núm. 21, do 30 de xaneiro de 2024), conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto desta convocatoria é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que contraten persoas co grao de doutor que se atopen na data de peche da convocatoria nalgún dos seguintes supostos:

a) Que estivesen contratadas na convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral de 2021 e que non renunciaren ao contrato.

b) Que estivesen contratadas a través da modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2019, que tiveron unha interrupción e prórroga do contrato polas causas establecidas na lei, que finalizaron o contrato e que non se presentaron á convocatoria de axudas para completar a etapa de formación posdoutoral de 2023.

No artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e, no artigo 2.2 os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

De acordo co establecido no artigo 9 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes, e tras constatar que non existían causas de exclusión en ningunha delas, o día 20 de marzo de 2024 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 6 da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 10.

O resultado desta avaliación entregóuselle á Comisión de Selección definida no artigo 11 da orde de convocatoria. A Comisión de Selección elaborou un informe para os órganos instrutores no que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas, por delegación da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación, correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería e á persoa titular da dirección da Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 12 da convocatoria.

O Decreto 42/2024, do 14 abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no seu artigo 1, establece que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pasa a denominarse Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no seu artigo 3, adscribe a Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 11 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da Comisión de Selección, reunida o día 6 de maio de 2024,

## RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas para completar a etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 20 de decembro de 2023 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I.

Segundo. Establecer dúas listas de agarda, unha por cada órgano instrutor, que se relacionan no anexo II.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 1 de xullo de 2024.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamento recollida no artigo 15 das bases da convocatoria:

Universidades do SUG: 20 axudas

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2024	2025	2026	2027	Total
37.02.561B.444.0	UDC	4	42.000,00	156.000,00	156.000,00	129.200,00	483.200,00
37.02.561B.744.0			20.000,00	40.000,00	40.000,00	20.000,00	120.000,00
Total UDC			62.000,00	196.000,00	196.000,00	149.200,00	603.200,00
37.02.561B.444.0	USC	8	84.000,00	312.000,00	312.000,00	258.400,00	966.400,00
37.02.561B.744.0			40.000,00	80.000,00	80.000,00	40.000,00	240.000,00
Total USC			124.000,00	392.000,00	392.000,00	298.400,00	1.206.400,00
37.02.561B.444.0	UVIGO	8	84.000,00	312.000,00	312.000,00	258.400,00	966.400,00
37.02.561B.744.0			40.000,00	80.000,00	80.000,00	40.000,00	240.000,00
Total UVIGO			124.000,00	392.000,00	392.000,00	298.400,00	1.206.400,00
<b>TOTAL SUG</b>			<b>310.000,00</b>	<b>980.000,00</b>	<b>980.000,00</b>	<b>746.000,00</b>	<b>3.016.000,00</b>

Demais entidades: 3 axudas

Aplicación orzamentaria	Entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2024	2025	2026	2027	Total
09.A2.561A.403.0	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	1	10.500,00	39.000,00	39.000,00	32.300,00	120.800,00
09.A2.561A.703.0			5.000,00	10.000,00	10.000,00	5.000,00	30.000,00
Total			15.500,00	49.000,00	49.000,00	37.300,00	150.800,00
09.A2.561A.443.28	Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	1	10.500,00	39.000,00	39.000,00	32.300,00	120.800,00
09.A2.561A.743.28			5.000,00	10.000,00	10.000,00	5.000,00	30.000,00
Total			15.500,00	49.000,00	49.000,00	37.300,00	150.800,00
09.A2.561A.443.25	Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC	1	10.500,00	39.000,00	39.000,00	32.300,00	120.800,00
09.A2.561A.743.25			5.000,00	10.000,00	10.000,00	5.000,00	30.000,00
Total			15.500,00	49.000,00	49.000,00	37.300,00	150.800,00
<b>TOTAL OUTRAS ENTIDADES</b>			<b>46.500,00</b>	<b>147.000,00</b>	<b>147.000,00</b>	<b>111.900,00</b>	<b>452.400,00</b>

Sexto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Axencia Galega de Innovación no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 15 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación,

Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

O Conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional  
P.D. (art. 12 Orde 20 decembro 2023)  
O secretario xeral de Universidades

O Conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación Profesional e  
presidente da Axencia Galega de Innovación  
P.D. (art. 12 Orde 20 decembro 2023)  
A directora da Axencia Galega de Innovación

José Alberto Díez de Castro

Carmen Cotelo Queijo

Insírase:  
O Secretario Xeral Técnico da Consellería de Educación  
Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Manuel Vila López

## ANEXO I

### Axudas concedidas

#### Universidade da Coruña

Nº exp.	Persoa investigadora	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481D-2024-021	Piñeiro Corbeira, María Cristina	Ciencias	94,0000
ED481D-2024-023	Regueiro Picallo, Manuel Alberto	Enxeñaría e Arquitectura	91,0000
ED481D-2024-025	Rivadulla Costa, Diego	Artes e Humanidades	84,0000
ED481D-2024-020	Blanco Gómez, Arturo	Ciencias	81,0000

#### Universidade de Santiago de Compostela

Nº exp.	Persoa investigadora	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481D-2024-012	Fernández Armesto, Mónica	Artes e Humanidades	92,0000
ED481D-2024-009	Buján Gómez, Noemí	Ciencias	90,8780
ED481D-2024-019	Peña Villasenín, Simón	Enxeñaría e Arquitectura	90,0000
ED481D-2024-010	Pedrouso Fuentes, Alba	Enxeñaría e Arquitectura	85,0000
ED481D-2024-015	Cazón Díaz, Patricia	Ciencias da Saúde	84,5714
ED481D-2024-008	López Iglesias, Clara	Ciencias da Saúde	83,0000
ED481D-2024-001	Arosa Lobato, Yago	Ciencias	80,0000
ED481D-2024-011	Seoane Viaño, Iria	Ciencias da Saúde	79,0000

#### Universidade de Vigo

Nº exp.	Persoa investigadora	Rama de coñecemento	Puntuación
ED481D-2024-022	Salvador Gimeno, Coral	Ciencias Sociais e Xurídicas	91,0000
ED481D-2024-002	Cassani, Lucía Victoria	Ciencias	87,0000
ED481D-2024-018	Des Villanueva, Marisela	Ciencias	86,0000
ED481D-2024-013	Arias González, Felipe	Enxeñaría e Arquitectura	83,0000
ED481D-2024-014	García Méndez, Silvia	Enxeñaría e Arquitectura	82,0000
ED481D-2024-016	García Moreiras, Iria	Ciencias	79,3529
ED481D-2024-017	Stojanovic, Milica	Ciencias	79,0000
ED481D-2024-004	Fernández Nóvoa, Diego	Ciencias	78,0000

#### Outras entidades

Nº exp.	Entidade	Persoa investigadora	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606C-2024/001	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	Vázquez González, Carla	Ciencias	90,5000
IN606C-2024/003	Fundación Pública Galega de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Regueiro Lorenzo, Uxía	Ciencias da Saúde	92,0000

Nº exp.	Entidade	Persoa investigadora	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606C-2024/004	Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC	Fernández García, Laura	Ciencias da Saúde	82,0000

**ANEXO II**  
**Listas de agarda**

Universidades do SUG

Núm. orde	Exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Puntuación
1	ED481D-2024-005	USC	Rey	Araujo	Pedro María	Ciencias Sociais e Xurídicas	77,0000
2	ED481D-2024-024	UDC	Álvarez	Naveira	Antonio José	Enxeñaría e Arquitectura	77,0000
3	ED481D-2024-006	UVIGO	Varela	Rodríguez	Rubén	Ciencias	75,0000

Outras entidades

Núm. orde	Exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama de coñecemento	Puntuación
1	IN606C-2024/002	Fundación Pública Galega de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Barbosa Sousa	Gouveia	Sofía Isabel	Ciencias da Saúde	81,0000

PRÓXIMA PUBLICACIÓN O DÍA 27/06/2024